

DECRETO

EXCMO. SR. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DA APORTACIÓN MUNICIPAL AO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2025, PARA A DEBIDA XESTIÓN DUNHAS OBRAS NA ZONA RURAL (PPU-2025).

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 15-2025, por un importe total de 8.102,88 €, dentro do vixente orzamento municipal prorrogado para o exercizo 2025, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico derivadas da APORTACIÓN MUNICIPAL AO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2025, para a debida xestión dunhas obras na zona rural (PPU-2025), concretamente para o investimento nº 135 "*Abastecemento municipal no núcleo rural de Castro Conturiz-San Amaro na parroquia de S.André de Castro*", según pon de manifesto a técnica do servizo de Medio Rural, Isabel Cereijo Espantoso, coa conformidade da responsable da área xestora, Ana Mª González Abelleira o 20.05.2025, e vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral, solicítase por parte deste, a tramitación dun expediente de transferencia de crédito.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Refs: 2025/762, de data 27.05.2025, así como o RCMOD núm: 2025/34645, por importe de 8.102,88 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 8.102,88 € para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO	IMPORTE €	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO	C.P.	IMPORTE €
45910.21000	8.102,88 €	45910.61900	25XX00033	8.102,88 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	8.102,88 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		8.102,88 €

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac3817216816519355323.doc

Asunto: Transferencia de crédito 15-2025 PPU

SEGUNDO. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.